

Edificio CACTI
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 597
vicerreitoria@uvigo.es
viciinv@uvigo.es
Registro Aerial

Saida Nº. 201300018273
07/10/13 08:51:52

RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE UTILIZACIÓN DE ESPAZOS NA ESTACIÓN DE CIENCIAS MARIÑAS DE TORALLA (ECIMAT) 2013

En reunión da Comisión de Investigación de 30 de abril de 2013 aprobouse a convocatoria de utilización espazos na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT). Publicada a mesma e transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, recibíronse 14 solicitudes.

A convocatoria establecía os seguintes criterios de concesión:

Requisitos mínimos:

- Pertencer á Universidade de Vigo ou a un Centro Público de Investigación relacionado co medio mariño que teña asinado convenio marco de colaboración coa Universidade de Vigo.
- Desenvolver actividades de investigación en temática mariña

Indicadores:

- Consideración do grupo durante o 2012 de Grupo de Referencia Competitiva ou Grupo de Potencial Crecemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
- Producción de investigación e Producción de transferencia recente dos membros do grupo e no seu caso entidade colaboradora externa.
- Proxectos de investigación ou contratos de I+D vixentes de temática mariña.
- Valor engadido que se desprende do uso dun espazo a pe de mar para a investigación solicitada.

Á presente convocatoria concorreron os 10 grupos solicitantes na convocatoria anterior máis 5 grupos novos, facéndose evidente un incremento da demanda de espazos a pe de mar e en consecuencia a necesidade dun reparto máis axustado dos espazos dispoñibles.

Unha vez recompilados os datos necesarios sobre a actividade dos grupos, e solicitado informe á Dirección da ECIMAT, a Comisión de Investigación, en reunión de 22 de xullo de 2013 acordou conceder aos solicitantes a utilización dos espazos que se relacionan na táboa seguinte. Para a definición dos espazos específicos asignados a cada grupo, tívose en conta:

- As necesidades específicas derivadas da actividade investigadora proposta nas solicitudes

- o aproveitamento dos espazos dos grupos que xa utilizaban anteriormente espazos na ECIMAT

Solicitade	Solicitante	Grupo	Espazo	Ubicación	Período	Notas
9720	E. Vázquez Otero	RE2 + EZ1*+OB	60 m ²	Módulo 1	3 anos	(1)
9563	A. Caballero Rúa	XB2	30 m ²	Módulo 2	3 anos	
9199	F. Ramil Blanco	BA3	30 m ²	Módulo 2	3 anos	
9444	C. Olabarria Uzquiano	EZ1*+BA2	55 m ²	Módulo 3	3 anos	(1)
9714	C. Guisande González	RE1	5 m ²	Módulo 3	2 anos	
9660	P. Presa Martínez	XB4	20 m ²	Módulo 4	1 anos	(2)
9429	J.M. García Estévez	PB1	20 m ²	Módulo 4	3 anos	
9651	J. L. Legido Soto	FA2	20 m ²	Módulo 4	3 anos	
9657	M.T. Pérez Nieto	MB4	20 m ²	Baixomódulo 4	3 anos	(3)
9062	M.A. Nombela Castaño	XM1	30 m ²	Baixomódulo 5	3 anos	
8745	J.L. Soengas Fernández	FB2	15 m ²	Isotérmica 3	3 anos	(4)
9218	F. Sanjuán Serrano	CM1	Posto de traballo	Módulo 4	3 anos	
9729	F. Vilas Martín	XM2	20 m ²	Exterior	3 anos	(5)
9701	A. Pereira Domínguez	T01	10 m ²	Exterior	3 meses	(2), (6)

(1) Os investigadores do grupo EZ1 distribúense en dúas solicitudes, en conxunto con outros grupos de investigación, en función das actividades a realizar nos espazos solicitados

(2) renovable a criterio do solicitante

(3) pendente de acondicionamento térmico

(4) solicitada cada 4-6 meses, sendo espazo común nos períodos de non utilización

(5) para resguardo en terra de embarcación

(6) con tanque de 1000 L

A Comisión de Investigación acorda establecer un prazo de 10 días naturais a partir do seguinte á publicación da presente resolución para a presentación de alegacións. As alegacións deberán dirixirse, a través de calquera dos Rexistros da Universidade de Vigo, á Vicerreitoría de Investigación.

Vigo, 7 de outubro de 2013



María Asunción Longo González

Vicerreitora de Investigación